


**Realiza as seguintes actividades:**

1.- **a)** Como se denomina o proceso que mostra a figura; **b)** Ordena as etapas que están representadas cos números do 1 – 5; **c)** Descríbeo brevemente indicando o resultado final.



2.- A figura mostra a modificación da liña de costa por intervención humana. **a)** Que tipo de fenómeno representa; **b)** Explica brevemente en que consiste; **c)** Indica en que dirección circulará a corrente litoral, a partir dos datos que mostra o esquema:



3.- **a)** Señala dúas vantaxes e dous inconvenientes da acuicultura; **b)** Indica dúas consecuencias da explotación intensa dos recursos mariños e costeiros.

4.- Indica a diferenza entre: delta - esteiro / ría - fiorde / transgresión - regresión /



5.- Indica se son Verdadeiras ou Falsas:

- a) As medidas estruturais son a mellor prevención fronte aos riscos costeiros
- b) A ordenación do territorio é a prevención máis eficaz fronte aos riscos costeiros
- c) Os branquiazuis orixínanse a causa das redes de deriva.
- d) Manglares e atolóns son un tipo de arrecifes de coral.
- e) As pradarias de herbas mariñas son un ecosistema rico e fráxil.
- f) Os encoros producen o avance dos deltas
- g) A interrupción de correntes de deriva modifica o perfil da costa
- h) O avance de dunas móbiles é un risco frecuente en España.

**Solucións:**


1. **a)** Retroceso do cantil pola acción erosiva das olas **b)** A orde sería: 2 - 3 - 4 - 5 - 1.

**c)** As ondas erosionan a base do cantil e o van socavando ata producir o colapso de material rochoso superior ao carecer de sustentación, e os fragmentos desprendidos actúan a modo de metralla amplificando a acción erosiva. A consecuencia é o retroceso do cantil cara o interior ata converterse nunha superficie lixeiramente inclinada cara o mar denominada *plataforma de abrasión*.

2. **a)** Modificación da liña de costa por interrupción da corrente de deriva litoral (risco costeiro).

**b)** Calquera intervención humana que interrompa a corrente de deriva, como diques, portos ou espigóns, vai interferir nos procesos de erosión e sedimentación, e modificar a liña de costa.. Así, vai ter lugar sedimentación na parte anterior do novo obstáculo mentres que na parte posterior se producirá unha intensa erosión.

**c)** A corrente de deriva é paralela á costa e circulará de Oeste a Este, xa que o aumento da sedimentación vai ter lugar na parte anterior ao novo obstáculo (porto) mentres que corrente abaixo aumenta a erosión.



3.- **a)** Dúas vantaxes: aumenta a produción de alimentos (e a riqueza da zona) e pode ser unha alternativa á sobrepesca. Como convenientes podemos citar: a deforestación de bosques costeiros para construír este tipo de instalacións, e a produción de residuos químicos e orgánicos que alteran a calidade das augas.

**b)** A bioinvasión de especies foráneas de forma accidental ou voluntaria por interese comercial que poden desprazar e substituír as nativas e os descartes ou captura de especies non comerciais asociado as novas técnicas pesqueiras máis invasivas, afectando negativamente a biodiversidade

4.- Indica a diferenza entre: delta - esteiro / ría - fiorde / transgresión - regresión /

Delta	Forma fluvio - mariña constituída pola acumulación dos sedimentos do río, na desembocadura nun mar tranquilo, e o río se abre en varios brazos.
Esteiro	Forma fluvio - mariña de desembocadura dun río a modo de funil, en mares con correntes intensas tendo lugar a mestura de auga salgada e doce.

Ría	Vales fluviais anegados de forma permanente polo ascenso do nivel do mar.
Fiorde	Vales glaciares anegados de forma permanente polo ascenso do nivel do mar, máis profundos e escarpados que as rías.

Transgresión	Aumento do nivel do mar que avanza inundando a costa, por causas tectónicas ou climáticas (afundimento costeiro ou fusión de xeo polar)
Regresión	Diminución do nivel do mar que se retira da costa deixando formas litorais elevadas (rasas), por causas tectónicas ou climáticas (emersión da costa ou épocas glaciares)

5.- Indica se son Verdadeiras ou Falsas:

<b>a</b>	<b>b</b>	<b>c</b>	<b>d</b>	<b>e</b>	<b>f</b>	<b>g</b>	<b>h</b>
<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>